



Selección e contratación como persoal laboral temporal de **2 condutores** para o manexo do **vehículo motobomba municipal** e a creación dunha bolsa de emprego

#### ACTA DE TRIBUNAL SELECTIVO

Constitución de tribunal e realización da primeira, segunda e terceira proba (fase de oposición) e valoración de méritos alegados polos aspirantes (fase concurso)

Convocada por Resolución da Alcaldía do 15/06/2017.

Día: 28/06/2017

Hora de inicio: 09:00 horas

Hora de remate: 13:00 horas.

Lugar: escola taller de Agolada no polígono industrial de Merín, Agolada

Asistentes:

Presidente: don Dalmiro Núñez Méndez

Secretaria: dona María Crespo Varela

1.º vocal: Francisco Javier Valiño Estalote

2.º vocal: Ovidio Reboredo Carmuega

3.º vocal: José Manuel Galego Sánchez

Antes do inicio da sesión e ao comprobar a listaxe de admitidos ao proceso selectivo, o vocal don Ovidio Reboredo Carmuega, abstense de formar parte do tribunal por concorrer unha causa das contempladas no artigo 23.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

O resto dos integrantes do tribunal declaran que non existen causas de abstención ou recusación.

A continuación o presidente da por constituído o tribunal selectivo.

Tras unha breve deliberación, o tribunal acorda que os exercicios da fase de oposición e a valoración dos méritos dos aspirantes teñan lugar na mesma xornada, por consideralo conveniente polo inminente inicio da tempada de alto risco de incendios o vindeiro 1 de xullo (base 7 das bases que rexen a convocatoria).

Procédese a chamar aos aspirantes:

NOME E APELIDOS	DNI	observacións
ADEMAR FERNANDEZ BUBLITZ	44.092.741-Q	
JOSE IGNACIO VAL CALVIÑO	76.828.187-E	Non asiste
PABLO VAZQUEZ SANCHEZ	44.090.473-W	
SANTIAGO CARAMES CARMUEGA	44.089.103-N	

## FASE OPOSICIÓN (máximo 14 puntos)

### PRIMEIRA PROBA

Proba de aptitude física (puntuación máxima de 7 puntos, segundo o dispón a base 7 das bases que rexen a selección).

Para a súa execución o tribunal require á colaboración de don José María Barcala Torres, auxiliar técnico sanitario do Centro de Saúde do Sergas en Agolada.

Para a súa puntuación, o tribunal aplica os criterios establecidos no documento de procedementos recomendados para a selección de persoal para a extinción de incendios forestais "Procedimientos para la selección de personal en la extinción", da Comisión técnica de normalización entre o Comité de Lucha contra Incendios Forestales (CCLIF) e a Dirección General de Conservación de la Naturaleza del Gobierno de España e os representantes da Comunidades Autónomas.

O resultado da proba é:

NOME E APELIDOS	Idade	Peso	Pulsacións	Capacidade aeróbica	Puntuación
PABLO VAZQUEZ SANCHEZ	32	101	118	47	7
SANTIAGO CARAMES CARMUEGA	38	97	115	46	6
ADEMAR FERNANDEZ BUBLITZ	35	145	95	0	0

### SEGUNDA PROBA

Proba práctica.

Puntuarase cun máximo de 7 puntos.

O tribunal propón a seguinte (entre paréntese inclúese a puntuación proposta para cada un dos aspectos da proba):

"O Servicio de Agolada é alertado dun incendio de matorral baixo, nunha zona sen apenas desnivel; Mobilízanse ata o punto 2 vehículos. Á chegada, o mando do operativo ordena realizar un ataque directo dende un flanco ata a fronte, cunha liña en alta presión. Ordes ao condutor:

1. El mando ordena al conductor de uno de los vehículos que impulse agua en alta presión a un régimen de 25 bar. A la vez que abastezca su camión desde el otro. Puntuación 2 puntos (0,5+0,5).
2. Que se preparé para desplazar la unidad al punto de abastecimiento sito en los siguientes lugares. La salida se simula que sale de la Plaza del Ayuntamiento. Deberá indicar como llegar: Puntuación máxima 3 puntos.
  - a) Indique como llegar al lugar de Trascastro. Puntuación 0,5.
  - b) Indique como llegara a Ventosa. Puntuación 0,5.
  - c) Como llegar y en donde se encuentra el pto de abastecimiento en la capital de Agolada. Puntuación 0,5.
  - d) Como llegar a Baíña. Puntuación 0,5.
  - e) Como llegar a Basadre. Puntuación 0,5.
  - f) Como llegar al Polígono de la capital de Agolada y dónde está el pto de abastecimiento. Puntuación 0,5.



3. *Maniobra con el camión: Puntuación máxima 2 puntos.*
- a) *Avance en línea recta engranando marchas. Colocación de la tracción 4x4. Desacople. Puntuación 0,5. (0.25+0.125+0.125)*
- b) *Avance en línea recta sorteando los conos. Puntuación 0,5.*
- c) *Marcha atrás según la colocación de los conos. Puntuación 0,5.*
- d) *Aproximación a un obstáculo sin tocarlo. Puntuación 0,25*
- e) *Arrancada en cuesta. Puntuación 0,25.*

*Tiempo de realización máxima 20 minutos\**

Rematado o exercicio o procede á súa corrección.

O resultado da mesma é:

NOME E APELIDOS	Puntuación
PABLO VAZQUEZ SANCHEZ	6,00
SANTIAGO CARAMES CARMUEGA	6,00
ADEMAR FERNANDEZ BUBLITZ	1,50

### TERCEIRA PROBA


Ao non acreditar coñecementos básicos en lingua galega, efectúa unha proba escrita o aspirante don SANTIAGO CARAMÉS CARMUEGA, con DNI núm. 44089103N

Os criterios de corrección son:

- Erros leves son: as faltas de ortografía comúns; as faltas de acentuación por exceso ou omisión; o uso incorrecto ou a falta do infinitivo conxugado; o uso incorrecto de grupos cultos; os dialectalismos; a incoherencia no uso de opcións normativas; os engadidos e omisións de letras nunha palabra... Os erros penalízanse con 0,035
- Erros ordinarios: o emprego errado de xénero; as faltas de concordancia en xénero ou número; os castelanismos, os galeguismos léxicos... Os erros ordinarios penalízanse con 0,15
- Erros graves son os que atentan contra a fidelidade do sentido da tradución, e o que resulta contrario á estrutura da lingua. Os erros graves penalízanse con 0,3
- As ausencias de texto penalízanse con 0,3 puntos por palabra omitida, sempre e cando o número de palabras omitidas consecutivamente non sexa superior a catro; neste último caso a penalización por palabra será de 0,035 puntos, por entenderse que se trata en realidade dunha omisión involuntaria (se a omisión está no interior do texto) ou debida á escaseza de tempo (se a omisión está ao final do texto)
- Os erros non se penalizarán máis dunha vez

O número máximo de puntos de penalización a partir do cal a nota será non apto será de 3 puntos.

O tribunal proponlle a tradución do castelán ao galego do texto que se transcribe.



*"Una parte de las causas estructurales que inciden en la proliferación de Incendios forestales está relacionada con la situación de abandono y progresivo despoblamiento que a lo largo de los últimos decenios ha venido produciéndose en el espacio rural gallego, que ha provocado una abrupta desagrarización y abandono de tierras cultivadas en muchas comarcas rurales de Galicia; con el cambio de usos del monte; con la ausencia de ordenación de los usos del territorio desde el punto de vista agrario, forestal e incluso urbano; con los descuidos o negligencias en el uso del fuego en prácticas de gestión agroforestal; con la existencia de conflictos sociales arraigados en determinadas zonas que se dirimen prendiendo fuego al monte; y también con el incremento de la delincuencia incendiaria, agravada por la falta de un rechazo social contundente a la misma"*

Rematado o exercicio o procede á súa corrección.

O resultado da mesma é APTO (base 7 das bases que rexen a convocatoria).

A puntuación total da fase de oposición resulta a seguinte:

NOME E APELIDOS	1º EXERCIZO	2º EXERCIZO	PROBA GALEGO	Puntuación
PABLO VAZQUEZ SANCHEZ	7,00	6,00	EXENTO	13,00
SANTIAGO CARAMES CARMUEGA	6,00	6,00	APTO	12,00
ADEMAR FERNANDEZ BUBLITZ	0,00	1,50	EXENTO	1,50

**FASE CONCURSO** (máximo 6 puntos)

Seguidamente o tribunal procede á valoración dos méritos a estimar establecidos na base 7 alegados e xustificados polos aspirantes que superaron a fase de oposición, resultando o seguinte:

**PABLO VÁZQUEZ SÁNCHEZ:**

Experiencia laboral: máximo 3 puntos (0,20 puntos\*mes traballado).

Empregador	Período	Observacións
Concello de Agolada	29/07/2016 ao 27/10/2016	3 meses
Concello de Agolada	16/07/2015 ao 15/10/2015	3 meses
Concello de Agolada	16/07/2014 ao 15/10/2014	3 meses
Concello de Agolada	01/08/2011 ao 25/11/2011	3 meses
Concello de Agolada	19/08/2010 ao 03/12/2010	3 meses
Concello de Agolada	15/07/2009 ao 14/01/2010	5 meses

TOTAL experiencia laboral: 3 puntos.

Formación: máximo 3 puntos

Curso	Horas	Puntos
Básico de protección civil	20	0,30
Conducción e manexo de vehículos motobomba	20	0,30
Xornada sobre a rede de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia TETRA	3	0,10
Loita contra os incendios urbanos e forestais	40	0,30

Total formación: 1,00 puntos.

A puntuación total acadada polo aspirante é:

NOME E APELIDOS	Experiencia profesional	Formación	Puntuación
Pablo Vázquez Sánchez	3,00	1,00	4,00



**SANTIAGO CARAMÉS CARMUEGA**

Experiencia laboral: máximo 3 puntos (0,20 puntos\*mes traballado).

Empregador	Período	Observacións
Concello de Agolada	2016	3 meses
Concello de Agolada	2015	3 meses
Concello de Agolada	2014	3 meses
Concello de Agolada	2013	3 meses
Concello de Agolada	2012	3 meses
Concello de Agolada	2011	3 meses
Concello de Agolada	2010	3 meses

TOTAL experiencia laboral: 3 puntos.

Formación: máximo 3 puntos

Non achega.

A puntuación total acadada polo aspirante é:

NOME E APELIDOS	Experiencia profesional	Formación	Puntuación
Santiago Caramés Carmuega	3,00	0,00	3,00

**ADEMAR FERNÁNDEZ BUBLITZ**

Experiencia laboral: máximo 3 puntos (0,20 puntos\*mes traballado).

Empregador	Período	Observacións
Concello de Lalín	27/07/2001 ao 16/10/2001	3 meses
Concello de Lalín	16/07/2003 ao 30/09/2013	3 meses
Concello de Lalín	16/07/2006 ao 30/10/2006	4 meses
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA	14/11/2007 ao 02/12/2007	1 mes
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA	15/06/2007 ao 09/10/2007	4 meses

TOTAL experiencia laboral: 3 puntos.

Formación: máximo 3 puntos

Curso	Horas	Puntos	
A responsabilidade nas intervencións de Protección Civil	20	0,00	Non se valora por non estar relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver
Formación de brigadas de prevención e extinción de incendios forestais	16	0,10	
Seguridade no traballo dos peóns e peóns condutores	20	0,30	
Prevención e loita contra incendios urbanos e forestais	40	0,30	
Accidentes en estrada	34	0,00	Non se valora por non estar relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver
Curso básico de protección civil	20	0,30	

Apoio terrestre ás aeronaves de emerxencias	4	0,00	Non se valora por non estar relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver
Curso básico de loita contra incendios forestais para o persoal que forma parte dos GRUMIR	5	0,10	

Total formación: **1,10 puntos.**

A puntuación total acadada polo aspirante é:

NOME E APELIDOS	Experiencia profesional	Formación	Puntuación
Ademar Fernández Bublitz	3,00	1,10	4,10

A vista do proceso selectivo e das puntuacións obtidas polos aspirantes, a puntuación dos aspirantes é:

NOME E APELIDOS	Fase concurso	Fase oposición	Puntuación
PABLO VAZQUEZ SANCHEZ	4,00	13,00	17,00
SANTIAGO CARAMES CARMUEGA	3,00	12,00	15,00
ADEMAR FERNANDEZ BUBLITZ	4,10	1,50	5,60

O tribunal considera que o aspirante Ademar Fernández Bublitz non acada as aptitudes mínimas necesarias para o desenvolvemento do posto do traballo para o que convocou o proceso selectivo, polo que procede a declarar que no supera o proceso selectivo.

O tribunal propón ao alcalde-presidente:

**PRIMEIRO:** PROCEDER á contratación como CONDUTOR DE MOTOBOMBA:

NOME E APELIDOS
PABLO VÁZQUEZ SÁNCHEZ

**SEGUNDO.** CONSTITUIR unha bolsa de emprego para o posto de traballo de CONDUTOR DE MOTOBOMBA formada por:

NOME E APELIDOS
PABLO VAZQUEZ SANCHEZ
SANTIAGO CARAMES CARMUEGA

E sen máis asunto que tratar a Presidencia levanta a sesión.

O presidente,  
Don Dalmiro Núñez Méndez.

a secretaria,  
Dona María Crespo Varela

1.º vocal,  
Don Francisco Javier Valiño Estalote.

3.º vocal,  
Don José Manuel Galego Sánchez.